

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e cinco minutos do día trece de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(150).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(151).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS BASES DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2015”.EXPTE. 102893/301.

Examinadas as actuacións do expedientes, visto o informe xurídico do 5.02.15, o informe de fiscalización do 12.02.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 3.02.15, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e a concelleira delegada de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.12.2014 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar as bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 2.000.000 € para financiar este Programa, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4800002, da seguinte forma:

–1.800.000 € destinaranse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes presentadas.

–200.000 € destinaranse a atender as eventuais reclamacións, con resolución positiva, dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa de prestacións individuais non periódicas de emerxencia social para o ano 2015», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

TERCEIRO: O expediente tramitarse como anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio de 2015».

I.2. As bases e convocatoria deste Programa municipal de axudas atopábanse aínda pendentes de publicación no BOP de Pontevedra cando no DOG nº 11 do 19.01.2015 publicouse a Resolución do IGVS de data 07.01.2015 pola que se convocaron, na anualidade de 2015, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa de axudas ó alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

II. INFORME

II.1. A concesión de axudas con cargo ó Programa abeirado no Plan estatal de vivenda axustárase ás Bases previamente aprobadas, que establecen os supostos de compatibilidade e incompatibilidade con outras axudas ó alugamento para persoas arrendatarias con escasos recursos económicos que poidan conceder, entre outras entidades, as Corporacións Locais.

II.2. En concreto, dispón o Art. 24 desas Bases que as axudas que se concedan con cargo ó Programa que xestionará a Admón. autonómica serán incompatibles con outras axudas de alugamento que poidan conceder a Xunta de Galicia, as Corporacións Locais ou calquera outra Administración ou entidades públicas, a non ser os supostos excepcionais de *«achegas públicas outorgadas polos servizos sociais, con cargo ós seus respectivos orzamentos, como complemento para o pagamento do alugamento a persoas beneficiarias en situacións de especial vulnerabilidade»*, en particular, nos seguintes casos:

- a) Unidades de convivencia de máis de dous membros e unha renda conxunta inferior a 1,2 veces o IPREM.

- b) Unidades de convivencia de máis de dous membros determinadas como sectores preferentes e unha renda conxunta inferior a 1,5 veces o IPREM.
- c) Calquera outra situación declarada como de especial vulnerabilidade pola Comunidade Autónoma.

O importe destas novas axudas que xestionará o IGVS poderá chegar ó 40% da renda anual que se deba satisfacer polo alugamento da vivenda habitual e permanente, cun límite máximo de 2.400 € anuais por vivenda. En todo caso, o importe das subvencións nunca poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

II.3. A posta en marcha neste exercicio do 2015 do Programa de axudas do Plan estatal de fomento do alugamento obriga a modificar puntualmente as Bases do «Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2015» aprobadas pola Xunta de Goberno Local, a fin de axeitarse ó réxime de incompatibilidades exposto e non prexudicar en ningún caso ás posibles persoas beneficiarias dunhas e doutras axudas.

Tal modificación afecta, fundamentalmente, ó contido da Base 15ª, Apdo. 2º, que pasaría a ter a seguinte nova redacción:

«15.2. Se o beneficiario NON tivese solicitado subvención con cargo ó «Programa de axuda ó alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016», a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

- a) Se acreditou gastos de aloxamento:

Aboaranse os atrasos de aluguer/hipoteca e as mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2015 (preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador). De non esgotar a contía concedida, a cantidade restante aboarase nas seguintes porcentaxes:

- O 40% destinarase ó pagamento de gastos de subministros, mediante cheque bancario.
- O 60% restante será aboado mediante ingreso nunha tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

- b) De non existir ou non poder acreditar os custos de aloxamento:

- O 40% do importe concedido, entregarase mediante cheque bancario para subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.3. Se o beneficiario SÍ tivese solicitado subvención con cargo ó «Programa de axuda ó alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016», a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

- a) Unidades de convivencia dun (1) ou de dous (2) membros:

- O 40% do importe concedido aboarase mediante cheque bancario para subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

b) Unidades de convivencia de tres (3) ou máis membros con gastos acreditados de aloxamento:

- Aboarase o 60% dos atrasos do ano 2015 (de existiren) e o 60% do custo do aluguer mensual ata decembro de 2015, preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador.

- De non esgotar a cantidade concedida, a contía restante distribuirase así:

- O 40%, mediante cheque bancario para o aboamento de subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos».

II.4. En congruencia coa modificación aquí proposta, recóllese agora no modelo de solicitude (Anexo I) un novo campo a cubrir polos solicitantes no que deberán indicar se solicitaron ou non a subvención prevista na convocatoria do IGVS para o alugamento de vivendas.

II.5. Finalmente, e coa intención de contar na valoración e resolución das solicitudes de axudas municipais que se presenten cos datos (económicos e sociais) máis actualizados, substitúese a referencia ó mes de novembro de 2014 contida nas Bases núms. 7.2, 9.3.f), 14.2 e 14.5 pola correspondente ó mes de xaneiro de 2015. Con todo, para non prexudicar ós efectos de cómputo de membros da unidade de convivencia ás familias con fillos nados, adoptados ou acollidos con posterioridade ó mes de xaneiro de 2015, propónse na Base 14.8 tomar como referencia a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

II.6. Canto á fundamentación técnica e xurídico-competencial do «Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2015» e a fin de evitar innecesarias reiteracións, remitímonos ó xa indicado no informe-proposta de aprobación das Bases e convocatoria, que consta no expediente.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte.

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a modificación puntual das bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» aprobadas na Xunta de Goberno Local do 30.12.2014 a fin de adecualas ó *“Programa de axudas ó alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016”*. Esta modificación afecta exclusivamente ás Bases núms. 7.2, 9.3.f), 14.2, 14.5, 14.8 e 15.2 así como ó seu Anexo I.

SEGUNDO: O texto íntegro das Bases e Anexos (I e II) do «PROGRAMA...» que será obxecto de publicación oficial, xunto coa convocatoria, no BOP de Pontevedra, é o que a seguir insírese.

«PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015»

BASES E CONVOCATORIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Tanto a Declaración Universal de Dereitos humanos como o Pacto Internacional de Dereitos económicos, sociais e culturais consagraron o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado que lle asegure a él, así como á súa familia, a saúde e o benestar e, en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios, debendo os Estados tomar as medidas apropiadas para garantir a efectividade dese dereito (Arts. 25 DUDH e 11.1 PIDESC).

Especificamente, en relación coa protección da familia, establecen o deber de concederlle a máis ampla protección e asistencia posibles por parte da sociedade e do Estado (Arts. 16.3 DUDH e 10 PIDESC).

A Constitución española de 1978 sinala que as normas relativas ós dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse conforme á Declaración Universal dos Dereitos humanos e ós tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España e, asumindo aqueles contidos, obriga ós poderes públicos a crear as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social (Arts. 9, 10.2 e ccdtes. CE/1978).

Ademais, no marco dos principios rectores da política social e económica, inclúe un mandato específico tendente a asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, regula o dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e axeitada e ordea ós poderes públicos promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito (Arts. 39 e 47 CE/1978).

II

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo dispón o artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o sistema galego de servizos sociais, que ten como norma principal a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

Esta lei define os servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se encontra en situación ou risco de exclusión social.

Atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións

transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, pretende garantir a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc., atribuíndolle competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Finalmente, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión social de Galicia, atribúe tamén ós Concellos desta Comunidade Autónoma unha serie de funcións na implantación e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos, cooperando coa Xunta de Galicia en materias tales como a detección das persoas en situación de exclusión social ou a implementación dos programas e prestacións previstos na lei; nomeadamente, a RISGA e as axudas de inclusión social.

III

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

Se na data indicada a Comunidade Autónoma non tivese asumido o desenvolvemento dos servizos da súa competencia ou, de ser o caso, non acordase a súa delegación, seguirán prestándose polo municipio pero a cargo da CA e, se esta non transferise as contías precisas, aplicaránse as retencións nas transferencias que lle correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento.

Sen prexuízo do anterior, e polo menos ata o 31.12.2015, os municipios deberán continuar prestando os mesmos servizos sociais e de promoción e reinserción social que antes da entrada en vigor da LRSAL. Con posterioridade a esa data poderían tamén prestar aqueles servizos sociais non englobados dentro do impreciso título de «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*», ben asumindo por delegación da Comunidade Autónoma a competencia en materia de servizos sociais, promoción e reinserción social (Art. 27.3.c] LRBRL e Disp. Transit. 2ª, apdo. 4, LRSAL), coas garantías implícitas agora en toda delegación desta natureza (financiamento, duración, cláusula de garantía de pagamento no exercicio das competencias delegadas ex Art. 57 bis LRBRL, etc.) ou ben exercéndoas como competencia distinta das propias e das delegadas previo cumprimento dos requisitos establecidos no novo Art. 7.4 da LRBRL.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

IV

Os servizos sociais do Concello de Vigo, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan desde hai moitos anos co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da cidadanía, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, prestando unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario.

Con esta finalidade promove anualmente, a través da Concellería delegada da Área de Política de benestar, unha convocatoria de axudas de emerxencia como parte da resposta ás carencias detectadas na cobertura das necesidades sociais básicas de aloxamento, alimentos, gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde, etc.

Nun contexto xeral de grave crise económica como a que se está a padecer desde hai anos, o Concello de Vigo considerou necesario complementar esas axudas de emerxencia poñendo a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitisen facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 figurou unha partida por importe de 2.000.000€ destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais básicas. A execución do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», xestionado polo Departamento de Benestar social, permitiu conceder nese exercicio case 1.300 axudas a persoas e familias en situación ou risco de exclusión social e xustificou a necesidade de seguir executándoo.

A regulamentación do procedemento de concesión das axudas para o exercicio de 2015 e dos criterios de selección e valoración das solicitudes constitúen o obxecto fundamental destas Ba-

ses, que se insiren no marco xurídico prefigurado pola normativa reguladora das subvencións públicas e se formulan de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, nas Bases de execución orzamentaria.

BASES

Primeira.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e determinar o procedemento para a concesión de axudas económicas de carácter extraordinario e finalista destinadas ó pagamento dos gastos de aloxamento, subministros e alimentación das persoas e unidades de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles impida asumir ordinariamente estes gastos.

Segunda.- Destinatarios.

O «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2015» diríxese a aquelas persoas individuais e unidades de convivencia que se atopen en situación de necesidade social, teñan residencia efectiva e estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de tres (3) anos. Aínda que só un dos integrantes da unidade figure como beneficiario da axuda, esta concederáse sempre en beneficio de toda ela.

Terceira.- Definicións.

- «*Unidade de convivencia*»: para os efectos destas Bases, entenderase por tal o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e se atopen vinculadas coa persoa solicitante por matrimonio ou relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto (4º) grao ou de afinidade ata o segundo (2º) grao. Con todo, cando nunha mesma unidade de convivencia existan unha ou máis unidades familiares con menores ó seu cargo, considerarase que cada unha delas constitúe unha unidade de convivencia independente.

- «*Situación de necesidade social*»: entenderase que unha persoa ou unidade de convivencia está nesta situación cando a suma dos seus ingresos, descontados os custos de aloxamento, non acade o nivel de renda establecido na Táboa 1.1 destas Bases.

- «*Renda da unidade de convivencia*»: obterase sumando os ingresos netos mensuais (os que poidan xustificarse no momento da solicitude) de cada un dos seus membros e deducindo os gastos xustificadas en concepto de aloxamento da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, cos máximos que se fixan nestas Bases.

Cuarta.- Réxime de concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nestas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Quinta.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política de Benestar nº 2310.4800002 («*Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética*») dotada con 2.000.000 €, da seguinte forma:

- 1.800.000 € destinaráanse, nunha primeira resolución, a resolver todas as solicitudes seleccionadas.
- 200.000 € destinaráanse a atender os eventuais recursos dos solicitantes. Para o caso de que non se esgotase a totalidade do crédito previsto, os saldos sobrantes pasarían a integrar a partida correspondente ó «Programa de prestacións individuais non periódicas de emerxencia social para o ano 2015», tamén xestionado polo Departamento de Benestar social.

Sexta.- Gastos subvencionables e compatibilidade con outras axudas.

6.1. Serán subvencionables os seguintes gastos:

a) Gastos de aloxamento da vivenda habitual, situada no termo municipal de Vigo.

Inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Amortización de créditos hipotecarios da vivenda habitual.
- Aloxamentos provisionais (pensións, hostais, etc.).

Non inclúe:

- Gastos de comunidade.

b) Alimentación (agás bebidas alcohólicas).

c) Subministrados: enerxía eléctrica e gas de vivendas situadas no termo municipal de Vigo.

6.2. Estas axudas extraordinarias serán compatibles con outras que se poidan outorgar para o mesmo fin e que veñan a complementar o importe concedido. En ningún caso a suma de todas elas poderá superar o importe estimado do custo das necesidades por cubrir.

Sétima.- Requisitos.

7.1. Os requisitos que deberán cumprir os beneficiarios serán os seguintes:

1º.- Que o solicitante resida e estea empadroado no Concello de Vigo cunha antigüidade acumulada mínima de (3) anos desde a publicación das Bases e convocatoria destas axudas extraordinarias. No caso das persoas estranxeiras, deberán contar co permiso de residencia.

2º.- Que todos os membros da unidade estean compartindo vivenda co solicitante a partir do 1 de xaneiro de 2015 de acordo co Padrón Municipal de Habitantes.

3º.- Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda ou dereito de prestación regulado a que puidese ter acceso ou tivese perdido o dereito ós mesmos por causas imputables ó beneficiario. Nestes casos, teranse en conta como ingresos os importes das axudas ou dereitos perdidos por renuncia ou perda do dereito imputable ós interesados.

4º.- Que ningún membro da unidade dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual.

5º.- Que as rendas da persoa ou unidade de convivencia, unha vez descontado o custo mensual representado polos gastos de aloxamento (debidamente acreditados e cos máximos establecidos), non superen os límites da seguinte táboa:

TÁBOA 1.1
INGRESOS MÁXIMOS UNIDADE DE CONVIVENCIA
(descontados os gastos de aloxamento)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
INGRESOS	250,00	325,00	400,00	450,00	500,00	550,00

A partir dos seis (6) membros, a contía máxima de ingresos considerada incrementarase en 50 € por cada membro adicional da unidade de convivencia.

7.2. Os gastos mensuais de aloxamento que poderán deducirse dos ingresos serán os recollidos na seguinte táboa:

TÁBOA 1.2
GASTOS DE ALOXAMENTO
(importes máximos admitidos)

	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
Max. Alquiler	200,00	275,00	300,00	325,00	375,00	425,00

Nos casos en que residan na mesma vivenda máis de dúas (2) unidades de convivencia (PMH – 01.11.2014), o gasto de aloxamento deducible será o resultado de dividir o seu custo entre o número de persoas maiores de idade que convivan nela, multiplicado polo número de membros de cada unidade.

7.3. A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou revogación da axuda solicitada ou concedida e á prohibición de obter outras axudas da mesma natureza durante os prazos fixados, en función da gravidade da infracción, na normativa reguladora das subvencións públicas.

Oitava.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias destas axudas:

- Colaborar activamente no proceso de xestión e aboamento das axudas e destinalas ós fins para os que foron concedidas, procedendo o seu reintegro en caso contrario.
- Facilitar toda a información que fose requirida pola Concillería de Política de Benestar, Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Permitir e facilitar as posibles actuacións de inspección dos servizos sociais municipais.
- As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

Novena.- Solicitude e documentación.

9.1. As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas polo solicitante (maior de idade ou emancipado) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

9.2. Só se aceptará unha solicitude por persoa ou unidade de convivencia. No caso de que se presenten mais dunha solicitude serán acumuladas, tramitándose a primeira presentada no Rexistro xeral municipal.

9.3. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos. No caso de estranxeiros:

-Cidadáns da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suiza e os seus familiares: certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros ou, no seu caso, tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

-Cidadáns doutros Estados: autorización de residencia.

b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade, coas súas datas de nacemento.

c) Fotocopia da certificación do grao de discapacidade igual ou maior do 65%, no caso de que algún membro estea afectado por ela.

d) Declaración do IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia (só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a AEAT).

e) Certificados actualizados de vida laboral de todos os integrantes da unidade de convivencia.

f) De ser o caso, nóminas do mes de xaneiro de 2015 de todos os membros da unidade de convivencia. No caso de traballadores autónomos, achegarase a última declaración trimestral de IVE.

g) De ser o caso, certificado de pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade de convivencia (terase en conta a data de efectos económicos).

h) De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas.

i) De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual. Se non constase xa no propio contrato, achegarase certificación bancaria co IBAN da conta do arrendador.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito de aluguer, poderá probarse a existencia dunha relación arrendaticia verbal demostrando a ocupación legal e continuada da vivenda (p.ex. mediante certificado de empadramento e pagamento dos subministros: auga, luz, gas...) e o aboamento á arrendadora dunha renda en concepto de aluguer, o que poderá acreditarse:

- Cos xustificantes das transferencias bancarias correspondentes ós dous meses anteriores á convocatoria; ou,
- Con dous recibos das entregas realizadas en concepto de aluguer, nos que consten os seguintes datos: concepto, mensualidade, importe e identificación da parte arrendadora (nome e apelidos, DNI e sinatura). Neste caso, xunto cos "recibín" achegarase tamén un certificado actualizado da conta bancaria do arrendador (IBAN), para poder efectuar nela o ingreso da axuda de aloxamento.

- Mediante declaración responsable asinada polo arrendador na que se recoñeza o pagamento do aluguer da vivenda ou, de ser o caso, os importes pendentes (Anexo II). Achegarase tamén o certificado de conta bancaria para poder realizar o pagamento.

j) Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

Décima.- Presentación de solicitudes e prazo.

10.1. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes de axudas a través do Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1), en horario de 09:00h a 13:30h, de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).

10.2. O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación das Bases e convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra; sendo tamén obxecto de publicidade no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Tránsito Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

Décimo primeira.- Instrución do procedemento e subsanación das solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 71.1 LRX-PAC), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 42 LRX-PAC.

Décimo segunda.- Comisión técnica de valoración.

A Comisión técnica de valoración destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política de Benestar e integrada polo Xefe de Área, a Xefa do Servizo, a técnica responsable do programa de prestacións e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

Décimo terceira.- Tramitación e resolución das solicitudes de axudas.

13.1. Os responsables da instrución do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

13.2. Rematada a instrución do expediente, remitiráselle á Comisión técnica de valoración.

13.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- *Concedidas*: reseñarse a axuda de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- *Denegadas*: farase constar sempre a causa da denegación.

13.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do procedemento e previo informe da Comisión de valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4800002 do orzamento de Benestar social do Concello.

13.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

13.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas UTS a información relativa ás persoas beneficiarias (só identificadas co número de documento da solicitude e DNI), axudas concedidas ou denegadas e á súa contía.

Décimo cuarta.- Criterios de distribución das axudas.

14.1. A cantidade prevista (1.800.000,00 €) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida (Táboa 2) en función dos membros da unidade de convivencia e dos ingresos acreditados.

14.2. Para a consideración dos ingresos das persoas e unidades de convivencia teranse en conta os ingresos do mes de xaneiro de 2015, descontado o custo do aloxamento e cos máximos establecidos na Táboa 1.2. Polo tanto, nos casos en que se acredite ese custo, poden darse situacións de *ingresos negativos*, que se considerarán ata un máximo de -425 €.

14.3. A Comisión técnica de valoración, aplicando o baremo da Táboa 2, asignará puntuacións obxectivas a cada persoa ou unidade de convivencia solicitante. O crédito total dispoñible divídese entre a suma de puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto.

O valor económico do punto multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir.

14.4. Para os efectos do cálculo dos ingresos da unidade de convivencia computaríanse os ingresos de todos os membros que convivan no mesmo domicilio aínda que non cumpran coa antigüidade no PMH. Con todo, as persoas que non cumpran este requisito das Bases non serán tidas en conta para determinar a puntuación da súa unidade de convivencia.

14.5. Para os efectos de asignación da puntuación que proceda, as persoas solicitantes que acrediten o aboamento efectivo de pensións de alimentos ós seus fillos en virtude de convenio regulador-sentenza xudicial, poderán computar como un membro máis da súa unidade de convivencia a cada un dos fillos que reciban esa pensión. A acreditación fidedigna desta circunstancia (preferentemente mediante transferencia bancaria na que consten todos os datos identificativos necesarios) deberá corresponder ó mes de xaneiro de 2015.

14.6. Se na unidade de convivencia convivisen persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 65% sumaranse, adicionalmente, catro (4) puntos máis por cada unha delas. A

mesma puntuación adicional aplicarase no caso de que sexa o solicitante, persoa individual, o afectado por ese grao de discapacidade.

14.7. Ás unidades de mais de 6 membros concederáselles a puntuación establecida para as de seis (6) e dous (2) puntos máis por cada membro adicional.

14.8. Os membros nados ou adoptados nos tres (3) anos anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes computarán como un (1) membro máis da unidade de convivencia. O mesmo criterio aplicarase para situacións familiares semellantes (menores acollidos, supostos de reagrupamento familiar...).

TÁBOA 2

INGRESOS	Nº DE MIEMBROS					
	1	2	3	4	5	6
-425 -401	18	24	28	31	35	38
-400 -351	18	24	28	31	35	38
-350 -301	18	24	28	31	34	36
-300 -251	18	24	28	30	32	34
-250 -201	18	23	26	28	30	32
-200 -151	18	21	24	26	28	30
-150 -101	16	19	22	24	26	21
-100 -51	14	17	20	22	24	26
-50 -0	12	15	18	20	22	24
1 a 50	10	13	16	18	20	22
51 a 100	8	11	14	16	18	20
101 a 150	6	9	12	14	16	18
151 a 200	4	7	10	12	14	16
201 a 250	2	5	8	10	12	14
251 a 300	—	3	6	8	10	12
301 a 350	—	1	4	6	8	10
351 a 400	—	—	2	4	6	8
401 a 450	—	—	—	2	4	6
451 a 500	—	—	—	—	2	4
501 a 550	—	—	—	—	—	2

Décimo quinta.- Aboamento das axudas.

15.1. Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificaráselles a todas as persoas interesadas a resolución, estimatoria ou desestimatoria, das súas solicitudes. A partir dese momento, as que resulten beneficiarias disporán do prazo máximo dun (1) mes para comparecer na oficina administrativa tramitadora destas axudas para recoller os medios de pagamento da subvención (tarxetas sociais e cheques) e asinar os correspondentes documentos de entrega. Tendo en conta a seu carácter de axudas sociais extraordinarias e as necesidades básicas e inmediatas que con elas téntanse satisfacer, o incumprimento inxustifico

dese prazo, por causa imputable á persoa beneficiaria, dará lugar á perda do dereito ó cobro da subvención.

15.2. Se o beneficiario NON tivese solicitado subvención con cargo ó «Programa de axuda ó alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016», a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

a) Se acreditou gastos de aloxamento:

Aboarase os atrasos de aluguer/hipoteca e as mensualidades posteriores á resolución de concesión da axuda, ata o mes de decembro de 2015 (preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador). De non esgotar a contía concedida, a cantidade restante aboarase nas seguintes porcentaxes:

- O 40% destinarase ó pagamento de gastos de subministros, mediante cheque bancario.
- O 60% restante será aboado mediante ingreso nunha tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

b) De non existir ou non poder acreditar os custos de aloxamento:

- O 40% do importe concedido, entregarase mediante cheque bancario para subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.3. Se o beneficiario SÍ tivese solicitado subvención con cargo ó «Programa de axuda ó alugamento de vivendas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016», a contía da axuda municipal concedida aplicarase do seguinte xeito:

a) Unidades de convivencia dun (1) ou de dous (2) membros:

- O 40% do importe concedido aboarase mediante cheque bancario para subministros.
- O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

b) Unidades de convivencia de tres (3) ou máis membros con gastos acreditados de aloxamento:

- Aboarase o 60% dos atrasos do ano 2015 (de existiren) e o 60% do custo do aluguer mensual ata decembro de 2015, preferentemente mediante transferencia bancaria ó arrendador.
- De non esgotar a cantidade concedida, a contía restante distribuirase así:
 - O 40%, mediante cheque bancario para o aboamento de subministros.
 - O 60% restante, mediante tarxeta social pre-pagamento, para a compra de alimentos.

15.4. Por razóns operativas, non se aboarán mediante transferencia ou cheque bancario aquelas axudas de contía inferior a 15 €. De ser o caso, ingresaránse na tarxeta social.

15.5. Cando a axuda concedida se destine á compra de alimentos, o beneficiario deberá entregar os correspondentes tickets de compra no Departamento de Benestar social no prazo dun (1) mes.

15.6. Os gastos con cargo ás tarxetas sociais terán que realizarse antes do 15 de decembro de 2015.

Décimo sexta.- Revogación e réxime sancionador.

16.1. O incumprimento, total ou parcial, das condicións establecidas nestas Bases e, en especial, o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinxa o regulado nas Bases sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro das cantidades e xuros de mora correspondentes e da perda do dereito a solicitar estas axudas en posteriores convocatorias.

16.2. Canto ó réxime de infraccións e sancións aplicable e ó procedemento para a súa imposición, estarase ó previsto sobre o particular na normativa reguladora das subvencións públicas.

Décimo sétima.- Desenvolvemento.

Facúltase á Concelleira delegada da Área de Política de Benestar para ditar as ordes e instrucións de aplicación que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento e execución destas Bases.

Décimo oitava.- Protección de datos.

Os datos das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Eses datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar, perante a que os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos establecidos na norma.

Décimo novena.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Vixésima.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nestas Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(153).- TOMA DE COÑECEMENTO DA PARALIZACIÓN TEMPORAL DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES. EXPTE. 7279/307.

Dáse conta da xefa de Patrimonio Histórico, do 13.02.15, conformado pola xefa de Área da 1ª Tenencia de Alcaldía, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 6 de xuño de 2014, aprobou o proxecto de mellora e reposición de espazos públicos no casco vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles, redactado polos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das “Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles”

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou *“adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)”*.

Con data 17 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., para a execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído).

Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Directores Facultativos das obras aos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; así como nomear a Ángel Santorio Cuartero, como coordinador de seguridade e saúde das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles.

Con data 26/11/2014, foi celebrado o acto para a sinatura da acta de comprobación de replanteo das obras referidas, asinada: pola dirección facultativa, Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás; pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., Cándido López Calvar; e pola coordinación de seguridade e

saúde, Ángel Santorio Cuartero (se anexa copia da acta de comprobación de replanteo ao expediente de contratación 7279-307).

Con data 30/12/2014, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urgente, toma coñecemento da acta de comprobación de replanteo das obras, así como da suspensión temporal da execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), dende o 19 de decembro de 2014 ata as 8:00 hs. do mércores 7 de xaneiro de 2015.

Con data 13/02/2015, a dirección facultativa da obras (Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás) sinala, en informe que se acompaña ao expediente, o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do 13 de novembro do 2014, acordou a adjudicación da contratación das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DAS PRAZAS DA PRINCESA E DE ARGÜELLES, ENGADINDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES á empresa UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U. O conxunto das obras deu comezo en data 26 de novembro de 2014.

A Xunta de Goberno local, en sesión do 30 de decembro de 2014 tomar coñecemento da suspensión temporal da execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES dende o 19 de decembro de 2014 ata as 8:00 hs. do mércores 7 de xaneiro de 2015.

No desenvolvemento da obra xurdiron unha serie de incidencias recollidas nas correspondentes actas de suspensión temporal de obras, de conformidade co disposto no artigo 103 do RD 1098/2001 de 12 de outubro:

Acta de suspensión temporal parcial no ámbito dos espazos soterrados de data 7 de xaneiro de 2015. Segundo contido da acta, as obras, non se puideron reanudar a partires do 7 de xaneiro de 2014 polas seguintes circunstancias:

- O local municipal no que se atopa a tenda de roupa KILOMETRO ZERO non estivo a disposición da empresa constructora ata o día 29 de xaneiro.*
- O local municipal no que se atopa a JOYERIA DELIA non estivo a disposición da empresa constructora ata o día 4 de febreiro.*
- O local municipal no que se atopa FRUTAS LUCITA non estivo a disposición da empresa constructora ata o día 7 de febreiro.*

Tendo en conta que non foi posible acceder ós devanditos locais ata as datas indicadas non se poideron acomete-los traballos recollidos no proxecto de execución no que atinxe á reforma dos locais comerciais de titularidade municipal. Consideramos que, para completa-la reforma destes locais é necesario dispor de 6 semanas a partires da data do 7 de febreiro.

Acta de suspensión temporal parcial no ámbito das Prazas Princesa e Argüelles de 7 de xaneiro de 2015. Segundo contido da acta, as obras, non se puideron reanudar a partires do 7 de xaneiro de 2014 polas seguintes circunstancias.

En base ós acordos con las Compañías Subministradoras de Servizos Urbanos perante o mes de xaneiro, e dacordo cas súas esixencias e necesidades, foi necesario replantexa-las condicións de soterramento das súas infraestructuras grapadas en fachada o que supuxo un retraso de 7 días laborables nese ámbito da obra.

Acta de suspensión temporal parcial no ámbito da Prazas Princesa de 7 de xaneiro de 2015. Segundo contido da acta, as obras, non se puideron reanudar a partires do 7 de xaneiro de 2014 polas seguintes circunstancias.

A presenza de elementos destinados ó ocio, tales coma un tiovivo e un xerador de electricidade e un escenario dificultou ata o día de hoxe o normal desenvolvemento dos traballos, xa que non se poideron executar parte das reposicións de pavimentos previstos no proxecto para a Praza da Princesa. O prazo de retraso destes traballos por estas causas acada as dúas semás.

Tendo en conta que o conxunto de incidencias se concentra a partires do 7 de xaneiro en diversos ámbitos da obra e sendo o que afecta ós locais de titularidade municipal o que supón un maior retraso consideramos que, para remata-la totalidade dos traballos contemplados no proxecto de execución é necesario dispor de 6 semás partires da data do 7 de febreiro de 2014, data na que se dispón dos locais”.

2.- Fundamentos xurídicos:

De conformidade co previsto no artigo 103 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos, que regula a suspensión temporal das obras, el acta de suspensión “será firmada por un representante del órgano de contratación y el contratista y deberá levantarse en el plazo máximo de dos días hábiles, contados desde el día siguiente a aquel en el que se acuerde la suspensión”.

Igualmente, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 5, recolle os supostos nos que o órgano de contratación poderá acordar a suspensión da execución: “a) Cando circunstancias sobrevidas o aconsellen e así o decidan de mutuo acordo ambas partes.”

En base ao exposto, unha vez acordada a suspensión temporal das obras, procede a súa remisión para dar conta a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

– Tomar coñecemento das suspensións temporais parciais da execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), dende o 7 de xaneiro de 2015 ata o 13 de febreiro de 2015, tal e como se acredita nas actas de que se xuntan.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(154).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 26098/220.

Visto o informe de fiscalización do 11.02.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 6.02.15,

conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 22/10/2014, a Xefa do Servizo e o Xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de 3 auxiliares administrativos/as, pola escasez de RR.HH existentes no Servizo e que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do propio Servizo e a debida atención presencial dos cidadáns.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 09/01/2015, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de tres auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude mencionada.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Examinada a referida lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, só unha aspirante da mesma reúne os requisitos para ser novamente nomeada D^a. María Inés San Martín Bustabad, DNI 32.688.550-F, ben por renuncia dos seus titulares, ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizaron o derradeiro nomeamento por acumulación de tarefas como auxiliares administrativos/as, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Non sendo posible a cobertura de dous dos postos postos demandados, ante a urxencia producida no Servizo, e mentras non se resolta o expediente 26094/220 "Bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de auxiliares administrativos", aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 16/01/2015, aconsella recurrir a lista de substitucións da convocatoria de administrativos/as de administración xeral, xerada con ocasión da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010 que figura na acta do correspondente órgano de selección de data 1 de agosto de 2013, tendo en conta a similitude de funcións que para ditos postos foron aprobadas con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

En consecuencia, foi requerida a única aspirante da lista de auxiliares que nestes intres está en disposición de ser nomeada e que figura no posto núm. 47 da mesma, D^a. María Inés San Martín Bustabad, DNI 32.688.550-F e, a aspirante da lista de Administrativos de Administración Xeral D^a. Isabel González Sánchez, DNI 36.151.568-F, que figura como primeira reserva na lista de Administrativos/as de Administración Xeral, as cales manifestaron estar dispostas a aceptar o

nomeamento ofertado e acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que nesta data ningún/ningunha outro/a aspirante das dúas listas reúne os requisitos para ser novamente nomeado, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizou o derradeiro nomeamento por acumulación de tarefas como auxiliares administrativos/as, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta D^a. Isabel González Sánchez, DNI 36.151.568-F, leva máis de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25308/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12/07/13, rematando o mesmo en data 16/07/2014, polo que está en condicións de ser novamente nomeada desde o día 17 de xaneiro de 2015. Así mesmo, verifícase que a aspirante D^a. María Inés San Martín Bustabad, DNI 32.688.550-F nunca prestou servizos nesta Administración.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso

ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios das correspondentes oposicións para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar/administrativo de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

"O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

- b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*
- d) *Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*
- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en*

situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.e) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, na Instrucción en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro da Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Ley 5/2014, do 27 de maio, e Lei de Orzamentos para o presente ano 2015.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa do Servizo e do Xefe da Área de Benestar Social de data 22 de outubro de 2014, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, que obra no expediente.

Os nomeamentos interinos por acumulación proposto por un período máximo de seis meses, de tres auxiliares para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de 32.242,86€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 9.898,56 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe menguará necesariamente os importes das modificacións propostas.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Réxime Interior, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 22 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 do vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D^a. MARIA INÉS SAN MARTÍN BUSTABAD, DNI 32.686.550-F e, a D^a. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliar/Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2008 e 2010, de conformidade coas bases xerais da mesma, o estar neste intre esgotada a lista de auxiliares de Administración Xeral.

Terceiro.- Autorizar o nomeamento como auxiliar de administración xeral dun/dunha terceiro/a aspirante, no momento no que algún/algunha deles/as reuna as condicións para ser nomeado/a, habilitando ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal para que por Resolución, da que se dará conta a Xunta de Goberno Local, efectúe o mesmo, da lista de substitucións de auxiliar ou si ésta se atopase esgotada, da lista resultante da derradeira oposición de administrativos/as de administración xeral, tendo en conta a similitude de funcións entre ámbolos, segundo as guías de funcións que para ditos postos foron aprobadas con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23 de decembro de 2005.

Cuarto.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social, cód. 301.

Quinto.- Establecer que a xonada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(155).- PROPOSTA PARA A AUTORIZACIÓN DA REDACCIÓN DUN MODIFICADO DO PROXECTO DE OBRA DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 2457/440.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.02.15, conformado polo xefe da Área de Fomento, e o asesor xurídico e o concelleiro-delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.-

1º.- Con data 7 de novembro de 2013 por Decreto do Alcalde, se delega na Concellería da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do seguinte asunto:

a) Expte.12242/333. PROCEDIMENTO ABERTO PARA O CONTRATO XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA.

2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 22/11/2013, acordou Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €).

3º.- Con data 16 de decembro de 2013, o Concelleiro delegado da Área de Fomento, resolve de conformidade coa proposta do Xefe da Área de Fomento, a constitución dun equipo de traballo técnico, para a seguimento das actuacións do novo complexo polideportivo de Navia, o cal atopase composto por:

- O Xefe da Area de Fomento, Alvaro Crespo que realizará as funcións de dirección do equipo de traballo, o tempo que será responsable de coordinar as necesidades cos servizos da area (Vías e Obras, Electromecánicos) e a coordinación con outros servizos como Xardíns, Seguridade, etc.
- En relación a supervisión do proxecto arquitectónico, se solicita a nomeamento dos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro e David Carvajal, para o cal se notificará dita resolución a Concelleira Delegada da Area de Urbanismo
- En relación a supervisión técnica do proxecto dende as necesidades deportivas, se solicita nomear o Director Deportivo Xefe da Unidade de Deportes, Jose Angel Otero Lamas, para o cal se notificará dita resolución o Concelleiro Delegado da Area de Deportes.

A coordinación e desenvolvemento das actuacións deste equipo de traballo deberá estar baixo a dirección política, de xestión, seguimento, tramitación e execución encomendada polo decreto do Alcalde de data 7 de novembro no Concelleiro da Area de Fomento.

2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7/03/2014, adopta o seguinte acordo:

“1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.

2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.”.

3º.- Con data 10/04/2014, asíñase contrato de xestión de servizo público con construción de obra, coa sociedade MQA Navia, S.L., a través de escritura pública diante do notario D. Jaime Romero Costas.

4º.- En relación coa aprobación do proxecto de obra, con data 16/05/2014 a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, presentado por MQA Navia, S.L e redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP, polo importe da obra civil por unha contía de 6.672.590,36 euros (IVE excluído), contía que é coincidente coa oferta e coa documentación que se tivo en conta para o acordo da Xunta de Goberno de data 22/11/2013.

Segundo.- Aprobar o programa de traballos -que contempla un prazo de execución de 15 meses- e o Plan de Seguridade e Saúde, ambos presentados polo adxudicatario en data 14/04/2014.

Terceiro.- Tomar razón da comunicación da composición da dirección facultativa designada pola empresa MQA, Navia, S.L, composta por:

Director de Obra: D. Miguel Porras Gestido (D.N.I. 36.106.078-B) e Directora de execución: D^a. Juana María Martínez García (D.N.I. 36.147.537-R) e Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Maximino García Sánchez en representación de CIES ATLANTICO S.L.U.

Cuarto.- Nomear aos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal como responsables facultativos municipais das obras.

Quinto.-Notificar á adxudicataria MQA Navia, S.L., a obriga de proceder a convocar a esta Entidade, aos efectos de asinar a Acta de Comprobación do Replanteo, no prazo de 15 días dende a notificación do presente acordo.

Sexto.- A empresa adxudicataria MQA navia, S.L. deberá dar conta ao concello, con carácter previo á comprobación da acta de replanteo, a empresa que vaia a encargarse a execución das obras, que deberá cumprir cos requisitos de solvencia previstos no PCAP.

5º.- Con data de entrada no rexistro Xeral do Concello de Vigo 21/05/2014 e numero de documento 140060327, D. Celso M. Piñeiro Malvar, como representante legal da sociedade MQA Navia, S.L., comunica que a empresa encargada da execución das obras do proxecto de contrucción do novo centro deportivo de Navia, será CIVISGLOBAL, S.L.

6º.- Con data 21 de maio de 2014, procedese a sinatura da acta de comprobación do replanteo, da cal se da conta a Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de xuño de 2014.

II.- Solicitud de modificado:

Con data 21 de xaneiro de 2015 e co numero de documento do rexisto xeral do Concello de Vigo 150007536, D. Celso M. Piñeiro Malvar, como representante legal da sociedade MQA Navia, S.L., presenta unha proposta para o modificado do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/05/2014, en base as seguintes criterios:

1º O Prego de condición administrativas particulares que rixe o expediente 12242/333 “PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA POR PROCEDIMENTO ABERTO” estipula a opción para a modificación do proxecto na clausula “37ª.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO”, co seguinte contido:

- 1.- O contratista non poderá de forma unilateral, efectuar ningún cambio no proxecto aprobado.
- 2.- O Concello poderá introducir modificacións no proxecto de obra sempre que conorra algunha das seguintes circunstancias:
 - Que no subsolo afectado polas obras aparezan construcións soterradas ou elementos de protección arqueolóxica.
 - Que o subsolo afectado reúna condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.
 - Por cambio de usos das superficies interiores e exteriores a construír.
 - Requirimentos técnicos que melloren a eficiencia do proxecto.
- 3.- A modificación poderá afectar a unidades de obra relacionadas co movemento de terras, cimentacións, estrutura, cubertas e aislamentos, urbanización exterior, instalacións, mobiliario ou acabados exteriores e interiores.
- 4.- O plan económico - financeiro da concesión deberá recoller en todo caso, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou diminución dos custes en caso de modificación.

En relación o regulado na clausula citada anteriormente, a proposta do modificado se fundamenta nos seguintes aspectos recollidos nos documentos, memoria da proposta de modificado asinado pola dirección facultativa da obra e polos redactores do proxecto:

- a.- Modificación das *instalacións técnicas* vinculadas os sistemas de produción de enerxias co obxectivo de mellorar a eficiencia exerxética do complexo deportivo.
- b.- Modificación da *estructura de cubertas, así como espazos interiores*, para a mellora dos usos das superficies interiores a construír. (cuberta da zoa das pistas de “Padel”, reorganización dos espazos interiores, salas de fitness, salas multiuso exterior e cafetería.).

Estas melloras céntranse principalmente na cubrición da todas as pistas, o incremento da zona de xogo por pista ao alcanzar a cuberta os 12 metros de altura no seu punto máis alto e a elección de pistas de cristal panorámicas. Co obxectivo de millorar a instalación para manterse como unha instalación de referencia no Padel.

A reordenación de certos espazos interiores, leva implícito un maior aproveitamento e racionalización das superficies previstas no proxecto inicial para garantir unha adecuación máis óptima os usuarios. Neste sentido o modificado contempla a modificación dunha sala multiusos na pranta superior que inicialmente atopase no proxecto descuberta. A proposta do modificado

propon a cubrición da mesma e o axuste das súas dimensións. De forma xeral a reordenación propón o seguinte axuste das superficies de acordo co seguinte cadro anexo:

En relación a incidencia económica da solicitude do modificado para o proxecto de obra, e de acordo coa documentación presentada, a mesma estimase nun incremento da inversión total referida a obra de 822.454,82 euros + IVE, e fundamentalmente en relación os seguintes capítulos:

- Modificación das instalacións técnicas enerxéticas cun importe de 453.468,41 euros.
- Modificación e ampliación da cuberta do edificio para cubrir as pistas de Padel, cun importe de 346.546,43 euros.

En relación a necesidade de proceder o axuste dun novo plan económico financeiro da concesión que deberá recoller en todo caso os oportunos axustes os efectos derivados do incremento estimado, coa solicitude se manifesta por parte da "Concesionaria" a condición de asumir dito incremento realizando os axustes derivados das actuacións propostas, e renunciar a solicitar calquera reclamación de desequilibrio económico financeiro derivada da aprobación definitiva da modificación do proxecto proposto.

III.- Fundamentos Xurídicos:

O artigo 133 do TRLCSP, especifica no seu punto 2 que os contratos de xestión de servizos públicos que comprendas a execución de obras, lle serán de aplicación os preceptos establecidos no TRLCSP para a concesión de obras públicas.

De acordo co indicado no artigo 243 do TRLCSP, se poderán introducir modificacións no proxecto de obra de acordo o establecido no Título V do Libro I e no artigo 249.1.b do citado TRLCSP e o plan económico-financiero da concesión deberá recoller en todo caso, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou diminución dos costes.

De acordo co artigo 106 do TRLCSP, a proposta da modificación solicitada polo adxudicatario do contrato se atopa especificada no artigo 37 do PCAP, do expediente 12242/333, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 08/08/2013.

Para a tramitación da modificación solicitada deberase atender como primeiro paso (artigo 234.3 do TRLCSP), "a recabar do organo de contratación a autorización para iniciar o correspondentes expediente".

IV.- Proposta:

En esencia, o obxecto das modificacións solicitadas responde a adecuación de solucións técnicas e constructivas que posibilitarán unhas condicións técnicas mais adecuadas tanto a nivel da eficiencia enerxética do edificio, como en relación os usos deportivos e complementarios do complexo deportivo, posibilitando un uso mais racional e adecuado e consecuentemente posibilitando os usuarios da instalación unha mellora da calidade xeral da instalación.

En relación a incidencia da solicitude do modificado, a mesma estimase nun incremento da inversión total referida a obra de 822.454,82 euros + IVE. Este incremento centrase fundamentalmente nos seguintes capítulos:

- Modificación das instalacións técnicas enerxéticas cun importe de 453.468,41 euros.
- Modificación e ampliación da cuberta do edificio para cubrir as pistas de Padel, cun importe de 346.546,43 euros.

As propostas que motivan a necesidade do modificado do proxecto da OBRA DE CONTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, correspondense de maneira directa coas circunstancias especificadas na clausula 37 do PCAP, e en ningún caso a súa modificación, ten incidencia nas condición de aptitude sobre os posibles licitadores, nin ten incidencia na posibilidade de modificación das posibles ofertas a realizar durante o proceso de licitación. Así mesmo estas modificacións non teñen a consideración de prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, así como non teñen a consideración de modificacións que amplian o obxecto do contrato nin incorpora prestacións susceptibles dun aproveitamento independente.

A aprobación da autorización do modificado correspondelle o órgano de contratación, de acordo o estipulado no artigo 234,3 do TRLCSP.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Autorizar a mercantil MQA Navia, S.L., constituída pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L. na súa condición de adxudicataria do contrato DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 12242/333, para a redacción do proxecto modificado do proxecto da OBRA DE CONTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 16/05/2014. Dita solicitude de modificado estimase cun incremento do coste da inversión de 822.454,82 euros + IVE.

Segundo: Coa redacción do proxecto para o modificado autorizado e previo a súa aprobación, a mercantil MQA Navia, S.L., constituída pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L. na súa condición de adxudicataria do contrato DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 12242/333 deberá presentar un novo plan económico financeiro da concesión que deberá recoller en todo caso os oportunos axustes os efectos derivados do incremento estimado, coa condición manifestada na solicitude de asumir por parte da "Concesionaria" dito incremento, asumindo a renuncia de solicitar calquera reclamación de desequilibrio económico financeiro derivada da aprobación definitiva da modificación do proxecto proposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.